

## BANDO INFORMATIVO COVID-19 EN VIANA DO BOLO E NOVAS MEDIDAS

Esta Alcaldía desexa informar á veciñanza das principais medidas adoptadas polas autoridades sanitarias galegas en relación á celebración das Festas do Nadal:

- Establécese o **peche perimetral de Galicia entre o 23 de decembro e o 6 de xaneiro**, se ben permítese o reagrupamento familiar.
- As **reunións serán dun máximo de 6 persoas**, sen que computen os nenos e nenas menores de 10 anos. Recoméndase que as reunións se celebren dentro do ámbito da unidade familiar de convivintes, e cun máximo en calquera caso de dous núcleos familiares.
- Durante todo o Nadal continúa vixente a **restrición á mobilidade nocturna entre as 23:00 e 6:00 horas**, a **excepción dos días de Noiteboa e Noitevella**, en que se retrasa á **1:30**.
- Recoméndase que, durante as celebracións **se manteña posta a máscara e que a mesa permita unha distancia de 1,5 metros entre comensais**.

Por outra banda, en relación á **situación actual do COVID-19 no Concello de Viana do Bolo**, o Servizo Galego de vén de comunicar a esta Alcaldía un total de 3 casos positivos. Reitérase a toda a veciñanza a necesidade de manter as medidas de hixiene persoal e colectiva e de manter a debida separación entre persoas.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 18 de decembro do 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

